



DOCUMENTO ANEXO (ECIMAT)

Plan de Prevención e Control Sanitario fronte á COVID-19 para o curso 2020/21 na Estación de Ciencias Mariñas de Toralla (ECIMAT)

(Documento en revisión permanente en función da información emitida polos organismos competentes)

Nome do edificio/centro: Estación de Ciencias Mariñas de Toralla -ECIMAT-

Enderezo: Illa de Toralla

Campus: Vigo

Código Postal: 36331

Aforo máximo do edificio/centro: 308

Aforo COVID-19: 20

Persoa contacto COVID no centro: José Manuel García Estévez/ Sergio González Fernández

Teléfono de atención á COVID-19: 900400116.

Na ECIMAT seguiránse as instruccións que recolle a Universidade de Vigo e o Plan de Prevención e Control Sanitario fronte á COVID-19 para o curso 2020/21 e, ademais, debido as peculiaridades do Centro, é preciso establecer uns requisitos mínimos de prevención e control do persoal investigador e traballador da Universidade que permitan manter a calidade da investigación nos dous escenarios posibles para o desenvolvemento da actividade no curso 2020/21:

- Escenario 1: Normalidade adaptada
- Escenario 2: Peche do centro ou confinamento

ESCENARIO 1

ACCESO: Poderá acceder a ECIMAT o persoal do mesmo e os investigadores tanto de empresas como de grupos de investigación co permiso dos seus responsables, non superando o aforo límite establecido en cada estancia. Para todo o persoal que accede ao Centro é obrigatorio a limpeza de mans con xel desinfectante e o uso de mascarar en todas as instalacións (laboratorios, mesocosmos, pantalán e embarcacións).

Toda aquela persona que teña que acceder a ECIMAT e presente algunha sintomatoloxía que puidese estar asociada coa COVID-19 non deberá vir o centro e terá a obriga de notificalo a seu médico e a dirección do centro.

Asemesmo, o persoal ó que se lle diagnosticara a enfermidade e non finalizará o período de illamento requirido, ou que estea en cuarentena por ter contacto estreito con algunha persoa con síntomas ou diagnosticada de COVID-19 nos últimos 14 días, non poderá acudir a ECIMAT e terá que comunicalo á persoa ou persoas do Centro encargadas dos aspectos relacionados ca COVID-19.

Para o persoal investigador alleo á Universidade de Vigo recoméndaselle que acceda o centro unha vez realizadas as pertinentes probas de diagnóstico de COVID-19 en datas próximas á súa estancia. Estas solicitudes de acceso ao centro terán que ser previamente autorizadas pola dirección do mesmo.

O acceso de provedores externos, empresas mantemento, etc., ás instalacións e servizos propios da ECIMAT deberá estar previamente concertado e autorizado polos responsables das unidades, debendo contar cos equipos de equipos de protección requiridos. O seu incumprimento supoñerá a denegación de acceso ao edificio.

Para a entrega de paquetes, se habilitará unha zona de cuarentena preto da porta de entrada. O acceso de transportistas será exclusivamente no turno de mañan e o contacto será exclusivamente coa conserxería.

O control de acceso realizarase na barreira da illa onde o vixiante informarlles das medidas de hixiene e a obrigatoriedade do uso dos EPIS.

SALA COVID:

Se durante a actividade na ECIMAT alguén presenta síntomas que puideran estar asociados ca COVID-19, contactarase coa persoa ou persoas do centro encargadas dos aspectos relacionados ca COVID-19. Acompañaráselle a SALA COVID (no centro é designado para tal fin o espazo THINKING CORNER) que disporá de ventilación adecuada, máscaras cirúrxicas, luvas, solución alcohólica, papel ou toallas e un cubo con tapa accionada por un pedal. A persoa con síntomas facilitaráselle unha máscara cirúrxica para esa persoa e outra para a persoa que a acompañe e se avisará á familia que debe contactar co seu centro de saúde ou co teléfono de atención á COVID-19 (900400116). No caso de que estea nunha situación de gravidade ou teña dificultade para respirar avisarase ao 112. Non poderá volver a actividade presencial na ECIMAT ata que a súa situación médica sexa valorada por un profesional sanitario.

Os papeis ou toallas utilizados pola persoa con síntomas desbotaranse nun cubo con tapa e apertura con pedal. Unha vez depositados os panos, luvas, etc., extraerase a bolsa de plástico do cubo e introducirase nunha segunda bolsa con mecanismo de peche depositándose a continuación no contedor coa fracción resto.

Ventilarase dita sala como mínimo durante 4 horas. A ventilación deberá ser tanto forzada como natural se fora posible e deberá comezar alo menos 2 horas antes do inicio das tarefas de desinfección.

Seguidamente farase unha limpeza e desinfección exhaustiva da zona; o persoal da empresa de limpeza que a realice estará informado e formado e utilizará máscara FFP2 e luvas que desbotarán ao rematar a tarefa.

ENTRADAS: O acceso ás instalacións que se atopan en planta baixa realizarase pola porta situada diante de conserxería.

O acceso ás dependencias situadas na primeira planta realizarase pola porta de urxencia.

A porta de acceso desde o baixo módulo 1 ao edificio principal será de uso exclusivo para persoal da Unidade de Cultivos Mariños.

A porta principal da ECIMAT permanecerá aberta só para uso de transportistas.

AFORO: Ao longo da xornada laboral, insistindo nas medidas de hixiene e respectando a distancia social, non poderán coincidir traballando simultaneamente máis de DUAS persoas nun laboratorio/estancia.

Co obxecto de coordinar o traballo do persoal propio do centro co dos investigadores e de non exceder os niveis de ocupación nas estancias, para o uso de equipos situados en espazos comúns será preciso solicitar a súa reserva, que deberá ser aprobada polos responsables dos mesmos.

HIXIENE E MANTENZA DO POSTO DE TRABALLO: Cando a persoa usuaria abandone o posto de traballo, terá a obriga de limpalo e desinfectalo, así como o material empregado. Estableceranse sistemas que aseguren que os postos que se van utilizar estean limpos e desinfectados para o seguinte usuario/a, para isto poderán utilizarse sistemas como notas, adhesivos de cores diferentes, etc. Disponerse de xel hidroalcohólico o carón dos equipos reservables comúns.

Todos os espazos ventilaráanse de forma natural mediante a apertura de portas e fiestras a lo menos 15 minutos sempre que sexa posible, varias veces ao día, ao iniciarse e ao finalizar a actividade do centro, mesmo aínda que haxa ventilación mecánica. Naqueles espazos de traballo nos que non existan fiestras procurarase manter a porta aberta.

REXISTRO: Nas zonas de entrada situarase un rexistro do persoal que participe en cada unha das tarefas realizadas, tanto propio da ECIMAT como externo, de modo que no caso de que algún deles resulte contaxiado, exista unha trazabilidade dos contactos mantidos dentro do ámbito laboral.

USO DOS ESPACIOS DO CENTRO. En función de la dispoñibilidade e de mantemento da distancia de seguridade, establécese o seguinte aforo nas diferentes estancias do centro:

SALÓN DE ACTOS: Uso restrinxido a un máximo de 3 persoas, simultaneamente, con mascarar e distancia de seguridade (previa solicitude).

SALA DE COWORKING: Uso restrinxido a un máximo de 2 persoas, con mascarar e distancia de seguridade (previa solicitude).

THINKING CORNER; o seu uso é restrinxido a 1 persoa (previa solicitude), tendo preferencia como espazo de cuarentena.

TORRE TORALLA: mentres o espazo estea operativo, límitase o aforo a 3 persoas simultaneamente e con mascarar (a condición de que unha delas ocupe o espazo pechado).

ASEOS: A ocupación máxima para o uso dos aseos será dunha persoa e estará indicada á entrada dos aseos mediante un cartel. Evitarase no posible tocar calquera superficie. Lavaranse coidadosamente as mans cada vez que se faga uso dos aseos. A descarga da cisterna farase coa tapa baixada. Contarán con xabón, papel ou toallas que se poidan desbotar, así como cubos con tapa e apertura con pedal.

CANTINA: Aforo máximo dunha persoa durante o tempo mínimo imprescindible. Prohibición do uso de menaxe común. Só se pode usar para café ou similar, nevera en recipientes pechados con utensilios propios e comida traída en medios tipo tupper.

ÁREA DE VENDING: Queda prohibido permanecer na mesma unha vez retirado o produto, sendo consumido preferentemente fose do centro evitando contacto social. O consumo de café ou produtos similares conleva a retirada momentánea da máscara polo que debe realizarse nas máximas garantías de distancia de seguridade e no exterior do edificio. Antes e logo de manipular se desinfectarán as mans.

VEHÍCULOS: Os vehículos que teñen a súa base na ECIMAT poderán ser empregados polos técnicos e investigadores, previa solicitude de reserva e autorización. Os vehículos serán desinfectados polos usuarios logo de cada uso.

TALLER: Permanecerá pechado e de acceso controlado polo responsable da UCM.

FOTOCOPIADORA: Usar o mínimo imprescindible. Desinfectar as superficies antes e despois de cada uso.

FUMADORES: Queda prohibido fumar no recinto da ECIMAT.

ESPAZOS NON UTILIZABLES: Por hixiene, restrínxese o uso das duchas, e únicamente con obxecto de desalado, para o persoal que realice funcións de buceo. Unha vez utilizadas se desinfectarán antes de volverse a usar.

O non acatamento reiterado das normas implicará que se desestimen novas solicitudes e comunicándose a situación o SPRL.

CONSERXERÍA

Na conserxería e obrigatorio o uso de máscara. A atención ao persoa usuaria farase sempre a través da pantalla ou barreira colocada no mostrador ou no seu defecto gardando a distancia de seguridade, mínima de 1,5 metros (esta distancia deberá estar marcada no chan). Impedirase o acceso ás persoas usuarias ao interior da conserxaría.

Habilitarase unha caixa para que as persoas usuarias depositen o material prestado evitando así o contacto físico. Desinfectarase todo o material antes do seu almacenamento. O material que polas súas características non permita a desinfección, introducirase nunha bolsa de plástico ou nunha caixa e colocarse en espazos estancos habilitados para almacenar o devandito material polo menos durante 3 días. Estes espazos de corentena deberán estar afastados das zonas de tránsito e de traballo, e para acceder a eles é recomendable que non sexa necesario o uso dos ascensores.

Para a recepción de paquetes, habilitarase unha zona de cuarentena preto da porta de entrada. O acceso de transportistas será exclusivamente por la porta correspondente e o contacto será exclusivamente coa conserxería.

UNIDADES DE OCEANOGRAFÍA e MEDIO MARIÑO: Para as actividades das unidades de Medio Mariño e Oceanografía que requiren do emprego de embarcacións, establécese un número máximo de tres persoas por embarcación, seguindo as indicacións de seguridade persoal polo que será obrigatorio o uso de máscara e a desinfección de mans ao comezo e ao final da actividade.

Sempre que sexa posible, se complementarán estas medidas co uso de pantallas protectoras ou outro material de seguridade.

A distribución do persoal na embarcación realizarase de modo que se manteña a máxima distancia posible entre eles en todo momento, reducíndose esta distancia únicamente naquelas manobras que así o requiran e polo tempo imprescindible.

No caso de que as operacións a realizar requiran de máis persoal, a saída realizarase solicitando o servizo das embarcacións que sexan necesarias.

Os barcos serán desinfectados antes e logo de cada saída ao mar.

No relativo ao material de buceo cancelase o seu préstamo. Os usuarios que queiran bucear terán que dispoñer dos seus propios equipos, fornecendo o centro as botellas de buceo cargadas.

ORGANIZACIÓN DA LIMPEZA NO CENTRO

A redución de riscos de contaxio por contacto será o obxectivo do plan de limpeza e desinfección que se baseará en reforzar a desinfección zonas comúns, aseos, manillas, pulsadores, chans etc. Esta tarefa será levada a cabo polo personal da empresa adxudicataria da limpeza do centro que realizará un protocolo de actuación que contemple as medidas indicadas na normativa vixente de aplicación. Deberá entregar unha copia ao responsable do centro que o incluírá no plan de prevención e control sanitario fronte á COVID-19 para o curso 2020-2021 no centro.

Os espazos con organismos, onde non accede o persoal de limpeza son responsabilidade dos técnicos responsables dos organismos.

Habilitarase un sistema de “semáforo” que indicará se o espazo está limpo e libre para o acceso (verde) ou non está desinfectado (vermello). Ós espacios marcados en vermello non se poderá acceder hasta que se faga a sua limpeza.

Por outra banda, aumentarase ao máximo as condicións de ventilación interior para mellorar a calidade do aire mediante apertura continua de portas e xanelas. Nos espazos con ventilación por medios mecánicos como son os aseos da planta superior, o extractor de aire permanecerá funcionando no horario de apertura do centro.

METODOLOXÍA RECOMENDADA:

LIXIVIA: Asumindo o peor escenario relativo á concentración de NaClO nas lixivias comerciais (aprox. 35 g/litro), unha dilución de 1:50, proporciona unha concentración superior á necesaria. Esta dilución prepárase con 20 ml da lixivia nun litro de auga. Na lixivia industrial (aprox. 150 g/litro) usaremos 5 mililitros da lixivia nun litro de auga.

Mollar un trapoa nesta disolución para limpar e desinfectar as superficies. Limpar o trapoa con auga da billa tras cada uso e volver impregnala con esta disolución de lixivia.

Os obxectos que poden verse afectados pola lixivia como lentes, móbiles, teclados, teléfonos, mandos a distancia, etc. se desinfectarán frecuentemente con solución hidro-alcohólica desinfectante ou alcol ao 70%.

Humedecer un pano ou papel de laboratorio con esta dilución e pasar por estes obxectos.

CIRCULACIÓN DO PERSONAL DENTRO DA ECIMAT

Todo o personal debe respetar os fluxos de movemento e distancia social evitando reunións nos períodos de descanso.

Co obxectivo de reducir os contactos entre as persoas, crúces nos corredores e reducir a mobilidade nas zoas de máis tránsito no centro ou persoal limitará os desplazamentos internos os absolutamente e estritamente necesarios entre as zoas propias de traballo, permanecendo nos corredores o menor tempo posible. Sinalización das vías de circulación.

O chan dos corredores interior e exterior están marcados con franxas amarelas cada 2 metros para ter unha referencia visual da distancia social de seguridade.

Sinalización de entradas e saídas:

Ou acceso e saída da primeira planta, e aos os módulos 3-4-5, está sinalizado e farase pola escaleira de emerxencia.

Movements entre plantas.

Escaleira: Avaliarase en cada caso a necesidade deste tipo de mobilidade a través da escaleira interior que debe ser reducida ao máximo.

Ascensor: O seu uso limitarase ao mínimo imprescindible e fomentarse o uso das escaleiras. Nos ascensores teñen prioridade de uso as persoas con problemas de mobilidade, persoal de limpeza e persoal que transporta cargas.

A ocupación máxima será dunha persoa e será obrigatorio o uso de máscara. Para accionar a porta e os botóns do ascensor recoméndase o uso da man non dominante.

Portas: A porta principal da ECIMAT permanecerá aberta só para uso de transportistas. O acceso á planta baixa realizarase pola porta diante de conserxería. O acceso á primeira planta realizarase pola porta de emerxencia. A porta de acceso desde o baixo módulo 1 ao edificio principal será de uso exclusivo para persoal da UCM.

Pediluvios: Habilitaranse 2 pediluvios con material desinfectante nas 2 entradas principais do centro: emerxencias e diante de conserxería.

ESCENARIO 2

No escenario 2, de peche de centro ou confinamento. Seguiranse as indicacións que no seu momento marquen os organismos competentes, desenrolando na medida do posible, un mantemento mínimo das instalacións que garanta o seu funcionamento e evite as averías, así como o mantemento dos animais e das cepas de organismos confinadas no Centro.